

# COMEDOR ESCOLAR 2020 - 2021

## Solicitud de praza no comedor escolar para o vindeiro curso 2020/2021

### Deberán presentar solicitude:

-Alumnado matriculado no CEIP do Bolo no curso 2019/2020 que queira seguir sendo usuario do comedor escolar no curso 2020/2021.

-Novo alumnado matriculado no CEIP do Bolo para o curso 2020/2021 que queira facer uso do comedor escolar.

A solicitude debe presentarse cuberta e asinada, presencialmente, en administración do centro . Podedes quedar comigo para entregalo ou para resolver calquera dúbida.

**Prazo: do 19 de xuño de 2020 ao 10 de xullo de 2020.**

**13 de xullo de 2020:** publicación da lista provisional de usuarios admitidos.

**14 de xullo – 20 de xullo de 2020:** reclamación á lista provisional.

**21 de xullo de 2020:** publicación da lista definitiva de usuarios admitidos.

De conformidade co previsto no artigo 14 do Decreto 132/2013 as familias dos comensais admitidos no comedor terán que cubrir en todos os seus extremos o modelo impreso de autodeclaración de prezos públicos; autodeclaración que deberá ser entregada no centro (polos medios anteriormente citados) **entre o 19/06/2020 e o 10/07/2020**

Mediante este impreso os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar dos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal 2019, anterior ao ano actual, e, conseguintemente, determinarán a contía do prezo público que lles corresponde aboar, de acordo cos tramos fixados no citado Decreto.

**Envíovos o modelo de autodeclaración e as instrucións.**